



Premios de Turismo y Gastronomía

HG&T
Hostelería Galega e Turismo

Agaxet

OS PREMIOS DO TURISMO E DA GASTRONOMÍA DE GALICIA FÁLLANSE O LUNS

Cincuenta nominados para esta convocatoria, que acada a XI edición coa Gala HG&T. A Asociación Galega de Xornalistas e Escritores de Turismo (Agaxet) avala dende este ano os galardóns máis importantes de Galicia nestes sectores

Pontevedra, outubro 2007. O xurado dos Premios HG&T-Agaxet reunírase o vindeiro luns, 15 de outubro, para proceder á elección dos mellores profesionais da hostalería e do turismo de Galicia. Cincuenta finalistas, divididos en doce categorías, optan a estes prestixiosos galardóns, que se entregarán no transcurso da Gala do Turismo e da Gastronomía de Galicia, que se celebrará no Pazo da Cultura o 20 de novembro. A elección dos finalistas realizouse a partir das propostas que os lectores da revista Hostelería Galega & Turismo remitiron durante o último ano. Os nominados pola comisión avaliadora, e a falta do último recuento dos votos populares, son os seguintes:

1.- Mellor campaña turística, promoción de produto turístico ou divulgación sectorial:

Turgalicia-Dirección Xeral de Turismo
Turismo de A Coruña
Turismo Rías Baixas

2.- Mellor deseño publicitario, anuncio ou similar, acción de mercadotecnia ou imaxe corporativa:

Imaxe Publicidade
“E para comer... Lugo”
Luis Ferreira Asociados (últimas campañas de Turgalicia e Xacobeo)

3.- Mellor labor no ámbito da formación e actualización profesionais e I+D empresarial:

Consellaría de Traballo (polo seu labor no ámbito da formación continua en hostalería, con especial mención ao proxecto Másters de Hostalería)
Centro Superior de Hostalería de Galicia
Anfaco

4.- Mellor labor de divulgación turístico-hostaleira (traballo periodístico ou literario, reportaxe de televisión ou radio, páxina web)

Web do Grupo Nove
Dossier-revista Salón Xantar (Ourense)
Salón das DD.OO. e Delicatessen (Vigo)

5.- Mellor restaurante, taberna, mesón ou tenda delicatessen (endógeno, esógeno, cociña autóctona, de fusión ou mestizaxe)

Casa Solla (Poio-Pontevedra)
Restaurante España (Lugo)
Casa Marcelo (Santiago de Compostela)

Gastroteca Almirez (Santiago de Compostela)

6.- Mellor aloxamento (hotel, establecemento rural, cámping, aparthotel, balneario ou estación termal)

Balneario de Mondariz (Mondariz Balneario)

Hostal de los Reyes Católicos (Santiago de Compostela)

Pazo da Buzaca (Moraña-Pontevedra)

Gran Hotel Hesperia La Toja (O Grove)

7.- Prato do ano (salgado ou doce)

Cafeto-caldo de gambas, de restaurante Casa Marcelo (Santiago de Compostela)

Galos de curral e Pitas de cuneta en salsa pallaresa, de Mesón de Pallares (Pantín-Lugo)

Ravioli de ovo, do restaurante Maruja Limón (Vigo)

8.- Profesional/empregado do ano (cociñeiro, maitre, camareiro, sumiller, acollida e servizo en sala)

José Manuel Fontán Araújo (Pazo de Vilaboa-Culleredo)

Beatriz Sotelo (Restaurante A Estación-Cambre)

Pepe Solla (Restaurante Casa Solla-Poio)

David Barco (Club Financiero de Vigo)

Natividad Garrido (Restaurante Maruja Limón-Vigo)

9.- Mellor produto ou firma produtora alimentaria (produtos de calidade, consellos reguladores e outras entidades de control e técnicos)

Quinta da Muradella (D.O. Monterrei)

Os Peperetes

Jorge Mazaira, técnico da D.O. Valedoras

La Val Orujo (D.O. Rías Baixas)

10.- Viño, espirituoso ou outra bebida do ano

Gorvia (D.O. Monterrei)

Única, de Cabreiroá

As Sortes, branco de Valdeorras de Rafael Palacios

Viña de Martín 04 (D.O. Ribeiro)

11.- Mellor “oferta complementaria” (bodega de restaurante, carta de puros, almuerzo de hotel, actividades e plataformas de dinamización)

Fogón Retiro da Costiña (Santa Comba-A Coruña)

A Vinoteca de Xavi (Santiago de Compostela)

Balneario de Cuntis (Cuntis-Pontevedra)

12.- Mellor oferta de equipamentos para o sector (fabricantes ou distribuidores):

Tecam

Oms y Viñas

Reyvi, Neira e Disfrigo Catering (ex aequo)

Estas nominacións aínda se poden incrementar no caso de que os votos emitidos polos lectores de HG&T no número de outubro (despois do verán) tiveran peso semellante ao dos restantes nominados.

Un décimo terceiro galardón será concedido pola redacción de HG&T , entre todas as propostas recibidas ao longo do ano.

A Gala do Turismo e da Gastronomía de Galicia, á que están convidadas 800 personalidades do mundo da hostalería e do turismo nas súas múltiples vertentes,

será o escaerio da entrega destes premios, os máis importantes do país nestes sectores.

Xurado

O xurado dos premios HG&T-AGAXET, presidido polo director de HG&T e membro de Agaxet, Guillermo Campos, foi extraído da directa correspondencia coas “fontes” e destino dos galardóns. Os membros da devandita asociación terán un significado peso e estarán acompañados de representantes dos principais sectores confluíntes (hostalería, industria turística, viaxes, equipamentos, etc.).

O notario César Cunqueiro levantará acta do resultado, en votación segreda, polo que os premiados non se coñecerán ata a entrega dos galardóns.